



REGULAMENTO DA COPA GALICIA 2010 DE XIMNASIA ACROBÁTICA E XIMNASIA TRAMPOLÍN

DATAS DE CELEBRACIÓN

- 12-13 e 14 de Febreiro de 2010
- Lugar de celebración: Ourense

DATAS DE INSCRIPCIÓN

- **Inscripción preliminar:** 28 de Decembro de 2009. (Anexo I (X. Acrobática) e Anexo II (X. Trampolín)).
- **Inscripción definitiva:** 15 de Xaneiro do 2010. (Anexo III (X. Acrobática) e Anexo IV (X. Trampolín)).

TASAS DE INSCRIPCIÓN

- As taxas de inscrición serán de **5,00€ por ximnasta** participante a ingresar no c.c.c. 0081 5290 79 0001039008 (Banco Sabadell Atlántico). Dito ingreso efectuarse xunto coa inscrición definitiva e nominal (15 de Xaneiro de 2010).

NORMAS XERAIS

- Tódolos ximnastas deben estar federados. En caso de pertencer a outra Federación deberán adxuntar xunto coa inscrición certificado de Federación oportuna onde figure número de licencia do/s ximnasta/s inscrito/s.
- Un mesmo ximnasta non poderá participar en máis dunha categoría e/ou modalidade.
- Limitase a inscrición por Club a 5 ximnastas e/ou equipos por categoría e modalidade.
- As notas e as clasificacións dos ximnastas galegos servirán para o ranking autonómico de cara ao ingreso na selección galega de ximnasia acrobática. **No caso de Trampolín as notas acadadas polos ximnastas españois puntuarán para o Ranking Nacional (pendente de oficialidade pola RFEF).**
-
- Cada club terá que inscribir por modalidade e/ou aparello xuíces acorde ao seguinte:
 - 2-10 ximnastas = 1 xuíz
 - 11-... ximnastas = 2 xuíces

O non cumprimento desta norma será penalizado cun pagamento de 150,00 € a ingresar no c.c.c. 0081 5290 79 0001039008 dito pagamento deberá efectuarse xunto coa inscrición nominal (15 de Janeiro de 2010)

- As follas de dificultade (tariff sheet) deberán entregarse nas oficinas da Federación Galega de Gimnasia coma mínimo 5 días antes do inicio da competición.
- Haberá unha dobre clasificación. Unha correspondente á Copa Galiza Open (onde se incluírán tódolos participantes) e unha que se corresponderá a Copa



Galiza (onde se incluírán só os participantes da Comunidade Galega). No caso de ximnasia acrobática existirán varias clasificacións: exercicio equilibrio, dinámico e a suma de ambos (all round) para a Clasificación Open. En canto a clasificación autonómica de ximnasia acrobática só haberá clasificación xeral. Tódolos competidores recibirán un certificado de participación. Os tres primeiros clasificados en cada categoría e modalidade recibirán o trofeo oportuno.

PROGRAMA PROVISIONAL

Venres 12 de Febreiro

- Adestramentos libres de ximnasia trampolín entre as 16:00 e as 20:30 (organizaranse según recepción de inscricións e lugar de procedencia dos clubs participantes)

Sábado 13 de Febreiro

- Adestramentos libres de ximnasia acrobática (organizaranse según recepción de inscricións e lugar de procedencia dos clubs participantes)
- Competición preliminar de trampolín.

Domingo 14 de Febreiro

- Competición Copa Galicia 2010 de Ximnasia Acrobática
- Finais de Ximnasia Trampolín

Puntualización: O programa poderá sufrir modificacións atendendo ao número de inscricións e desenrolo da competición.



REGULAMENTO TÉCNICO DA COPA GALICIA 2010 DE XIMNASIA ACROBÁTICA.

MODALIDADES

- Parellas femininas.
- Parellas masculinas.
- Parellas mixtas.
- Grupos femeninos (tríos).
- Grupos masculinos (cuartetos).

CATEGORÍAS/IDADES DOS XIMNASTAS

CATEGORÍA	IDADE	
Age-Group	8-16 anos (durante o ano de competición)	F.I.G.
Junior	10-19 anos (durante o ano de competición)	
Senior	13-... anos (durante o ano de competición)	
Cadete/ Xuvenil	8-16 anos (durante o ano de competición)	

NORMAS ESPECÍFICAS POR CATEGORÍAS

CADETE / XUVENIL

1. REQUISITOS XERAIS DA CATEGORÍA CADETE / XUVENIL. EXERCICIO COMBINADO

- 1.1. Realizarán un único exercicio (combinado).
- 1.2. As avaliacións técnicas e artísticas (notas B e C) realizaranse segundo as normas do código FIG.
- 1.3. Cada parella/grupo deberá realizar elementos obrigatorios das follas de dificultade para a categoría Age-Group (ver anexo) e figuras ou elementos opcionais do código FIG.
- 1.4. Poderanse utilizar elementos das follas Age-group coma opcionais, sempre que estean en liñas (Row) diferentes ás utilizadas como obrigatorias.
- 1.5. A dificultade máxima para cada exercicio será de 0.5 pts.



1.6. Si se supera esa dificultade non se lle engadirá mais puntuación pero tampouco se penalizará. A conversión das notas de dificultade será aplicando a seguinte táboa:

Valor da dificultade	Nota A (dif)
0.5	10.00
0.4	9.80
0.3	9.60
0.2	9.40
0.1	9.20
0.0	9.00

1.7. Os elementos individuais e as figuras/elementos opcionais (utilizados das táboas FIG) non serán utilizadas para o cálculo da dificultade.

1.8. Por cada requisito que falte se deducirá 1.00 pts.

1.9. No caso de utilizar elementos prohibidos (descritos no código age group 11-16) se recibirá unha penalización de 2.00 pts.

1.10. Haberá que realizar 4 elementos individuais:

1.10.1. Dous de categoría I (demostrando variedade).

1.10.2. Dous de categoría II (non será obligatorio realizar mortais).

2. REQUISITOS ESPECÍFICOS

2.1. *PARELLAS (femininas, masculinas e mixtas).*

2.1.1. Dúas figuras de equilibrio e dous elementos dinámicos escollidos das taboas Age-group (ver anexo). Deberán ser de liñas diferentes.

2.1.2. Unha figura de equilibrio do código FIG (vease punto 1.3.). O valor de dificultade situarase entre 1 e 16 pts aínda que non contará para o cálculo de dificultade (nota A).

2.1.3. Un elemento dinámico de código F.I.G. Dif. 1.14 non contará para cálculo de dificultade.



2.2. GRUPOS (parellas e cuartetos).

2.2.1. Das táboas de figuras obrigatorias (Age-group) hai que escoller unha pirámide de equilibrio e dous elementos dinámicos de liñas diferentes.

2.2.2. Haberá que realizar unha pirámide das táboas FIG con valor entre 4 e 16 ptos. O valor da mesma non servirá para o cálculo da dificultade (vexase o punto 1.3.).

2.2.3. Haberá que realizar un elemento dinámico das táboas FIG, con valor entre 1 e 14 ptos para os tríos e entre 1 e 10 para os cuartetos, aínda que non será considerado para o cálculo da nota de dificultade.

AGE GROUP, JUNIORS E SENIORS

- Realizarán dous exercicios: equilibrio e dinámico segundo as normas do código FIG para esas categorías.



REGULAMENTO TÉCNICO DA COPA GALICIA 2010 DE XIMNASIA TRAMPOLÍN.

MODALIDADES

Dobleminitramp (Eurotramp)

Tumbling (Speeth)

CATEGORÍAS/IDADES DOS XIMNASTAS

CATEGORÍA	IDADE
Nivel 1	8 - 12 años (durante o ano de competición)
Nivel 2	13 – 14 años (durante o ano de competición)
Nivel 3	15 - 16 años (durante o ano de competición)
Nivel 4	17 -... (durante o ano de competición)

PROGRAMA TÉCNICO:

- **PRELIMINARES:** DMT (2 pases)
TUMBLING (2 pases)
- **FINAIS:** DMT (2 pases)
TUMBLING (1 pase)
 - Se hai máis de 10 ximnastas na preliminar: participarán 8 na final.
 - Se hai 9 ó 10 ximnastas na preliminar: participarán 6 na final.
 - Se hai 8 ximnastas ou menos: a clasificación final será a obtenida na preliminar.
 - O gañador será o que obteña mellor nota sumando preliminares e final.

* A PROBA REALIZARÁSE DE ACORDO CA NORMATIVA DO CODIGO FIG DE PUNTUACIÓN 2009-2012. AGE GROUP.